



Miguel Anxo Araújo, bispo de Mondoñedo- Ferrol

Xosé A. Miguélez Díaz

A véspera do día de Santiago deste ano despedimos e soterramos ao bispo Araújo en Ourense, na parroquia dos salesianos da capital auriense, cunha misa en galego presidida polos bispos de Galicia e de Astorga, coa asistencia de moitísimo clero das dioceses de Mondoñedo-Ferrol e de Ourense, do presidente e outros membros da Academia Galega, e de numeroso pobo cristián de base.

Foi bispo da diocese mindoniense de 1970 a 1985, nunha época difícil a nivel intraeclesial polas tensións do posconcilio e polo final do franquismo e a transición democrática, a nivel político. Deixou un ronsel de bispo verdadeiramente evanxélico e galego, que exerceu de tal comprometéndose coas angueiras de Galicia e cun traballo pastoral a prol dunha Igrexa verdadeiramente encarnada na cultura e no pobo galego: a lingua galega, os dereitos dos obreiros, a situación do rural e dos mariñeiros, a emigración, e tódalas parcelas da vida eclesial.

Home capaz, formado polos xesuítas en Comillas, afeito a escribir habitualmente no xornal ourensán *La Región*, profesor e reitor do seminario de Ourense, mostrou a súa mellor intelixencia deixándose aconsellar, sen renunciar ao propio criterio, e promovendo a colaboración do clero máis dinámico da súa diocese. Desa sinerxía naceron tomas de postura e documentos moi soados no seu tempo, como a comprometida e controvertida homilía con motivo da folga e represión política en Ferrol de marzo de 1972 que causara tres mortos, ou o seu longo e valioso escrito pastoral sobre *A Igrexa e a cuestión da lingua galega* (1975) defendendo o uso do idioma galego na liturxia e na vida social, e denunciando a súa postergación escolar, política e eclesial, cando aínda vivía Franco.

Foi este o primeiro escrito público e maxisterial en galego por parte dun bispo desde os tempos medievais, e mereceulle gran recoñecemento (como o ingreso na Academia Galega en 1980) e non pouca crítica e oposición, maiormente entre as activas e aínda poderosas forzas

franquistas, pero tamén entre os seus propios diocesanos e en parte do seu presbiterio.

A sensibilidade galega víñalle de moi vello. Da súa raíz labrega (“fun o único bispo fillo de labregos”), da súa condición de fillo de emigrante (pola emigración non coñeceu a seu pai ata os 11 anos e duroulle poucos meses), do seu encontro cada verán, nos trens, cos segadores galegos que voltaban de Castela, da súa amizade co gran galeguista e cristián Florentino Cuevillas, do seu trato asiduo, a través del, con Otero Pedrayo, Vicente Risco e Xaquín Lourenzo, e da súa vivencia do evanxeo que debe provocar a encarnación da fe. A súa ordenación episcopal en Ourense (6/9/70) levou xa unha forte pegada galega e provocou a primeira contestación dos antigalegos con denuncias ás autoridades. Este ir contracorrente, que acompañaría moito do seu ministerio, desgastou a súa personalidade lúcida e a un tempo solitaria, dubitativa e algo medrosa, ata o punto de provocar e pedir a súa xubilación anticipada cando só tiña 65 anos, dez antes do que lle correspondía, e de recibila con gran alivio e liberación pola súa parte.

Dentro do seu goberno episcopal, no que descansou maiormente no seu vigairo de pastoral Manuel Mejuto, coidou a formación do clero, traballou moito por quitar adiante o Concilio Pastoral de Galicia, puxo en marcha a pastoral de confirmacións para adolescentes, e mantivo a proa do Concilio Vaticano II cun maxisterio denso, dialogal e esperanzado. Apoiou a revista *Encrucillada* e foi unha referencia ineludible para cantos aspiramos a unha encarnación do evanxeo en Galicia e a unha Igrexa galega.

Parte dos seus escritos (recollidos en libros pola editorial *O Castro*) seguen sinalando camiños válidos para hoxe, aínda que os tempos mudaron non pouco. Alguén tentou relativizar a súa autoridade no feito, recoñecido por Araúxo, de serlle preelaborados por diversos colaboradores (coma seu irmán Amando, Martiño Montero e outros), pero iso aínda lla aumenta pois fainos máis comunitarios e eclesiais e non quita nada ao peso que lle dá o seu referendo. Se acaso a relativización que lle cabe, non é sobre o seu acerto teórico ou sobre a orientación marcada, senón sobre a limitación e desafío de toda teoría: a pendente práctica consecuenta. Algo no que Monseñor Araúxo, malia a súa enorme aportación, quedou, como quedamos todos, con

tarefas a medio facer. De si mesmo dinos “ abríñ algúns camiños pero non fun home decidido para andar máis adiante. Sempre me quedei no medio, entre a audacia e o medo ou timidez” (Memoria de Vida, Ir Indo, Vigo 1993, p 227). Neste libro de memorias amósase cunha sinceridade e humildade ás veces desconcertante, lonxe de toda pose, con abundante autocrítica para si mesmo e para a Igrexa que amou e serviu. Con especial luminosidade pervive hoxe a carta aberta a Xoán Paulo II con motivo da súa derradeira visita a Galicia, chea de liberdade cristiá e de compromiso co noso pobo (La Voz de Galicia 19/8/1989).

A nós tócanos agradecer a súa loita, moi xenerosa e valente por veces, así como perdoar e suplir os seus límites e fallos. Non pequeno regalo foi este bispo, verdadeiramente noso, tanto polos seus grandes acertos, como polos seus confesados fallos que na súa humilde lucidez abren camiños: tantos como os que poden suxerir as pautas máis nidias da ética evanxélica e da galeguidade que acertou a formular. Quen isto firma recibiu del o presbiterado e algunha que outra rifa, pero tamén estímulo e confianza, e o asombro e o gran regalo (para o cura xoven que eu era daquela), de oír lle pedirme perdón polas súas incoherencias ou de encaixar caladamente a miña protesta, algunha vez acalorada. Entrañable e mestre, máis aínda que pola seu indubidable aporte intelectual, pola súa serea humildade de pastor, de irmán e de discípulo do evanxeo, servida nos contrastes da súa psicoloxía emotiva e respectuosa, aínda que por veces reservada e algo distante e tallante.

Seguindo o seu exemplo de autocrítica, cábeme e cabe quizais ao presbiterio de Mondoñedo-Ferrol entoar un mea culpa polo escaso acompañamento durante os seus longos vintedous anos de xubilación en Ourense. Anos activos, durante os que aportou non pouca palabra en forma de libros, artigos periodísticos e conferencias, que ogallá se recollan como os da súa época de pastor diocesano. Grazas Don Miguel. Grazas á familia e ao pobo que o xermolou e coidou na vellez. Grazas aos que o amaron e asistiron no seu pontificado como os seus fieis Rafael Lombardero e Amalia. Grazas a Deus que nolo dou e que nos convoca á mellor entrega na que sempre quedaremos debedores esperando relevos e tamén gratitude e perdón: coma vostede.

Xosé A. Miguélez Díaz